

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE	<b>Departamento de Orientación</b>		<b>CEIP MESÓN DO VENTO</b>
		O Mesón do Vento 15689 Ardemil (San Pedro) Correo: <a href="mailto:ceip.meson.vento@edu.xunta.gal">ceip.meson.vento@edu.xunta.gal</a> Web : <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmensonvento">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmensonvento</a>	Tlf: 881880894 Fax:881880895	

## **SOLICITUDE BECAS MEC NEAE Curso 2023-2024.**

As axudas para o curso 2023-2024 están **dirixidas** a persoas que presentan unha necesidade específica de recibir apoio educativo, incluíndo ao alumnado con TDAH (Trastorno por déficit de atención por hiperactividade), derivado dalgunha das seguintes situacións:

- Discapacidade
- Altas capacidades
- Trastorno grave de conduta
- Trastorno grave da comunicación e da linguaxe
- Trastorno do espectro autista

A convocatoria destas axudas para o curso 2023/2024 publicouse o 26 de abril de 2023, e pódense solicitar desde o **8 de maio até o 20 de setembro de 2023**.

### **Como e cando debes solicitala**

A convocatoria para o curso 2023 - 2024 publicouse o 26 de abril de 2023, e pódese solicitar do 8 de maio ao 20 de setembro de 2023.

Pero non o deixes para o último día, porque tes que imprimir o PDF e presentalo no colexio antes da data indicada (20 de setembro).

### **Segue estes pasos**

#### **ENTRA NA SEDE ELECTRÓNICA**


Todo o proceso de solicitude da bolsa realízase a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Unha vez enchido, terás que imprimir o formulario de solicitude (un PDF) e presentalo no centro educativo no que vas estudar, se non tes certificado electrónico.

Para iniciar o trámite, pulse aquí:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/05/050140/ficha/050140-2023.html>

#### **REXÍSTRATE**

- Para rexistrarte, necesitas un usuario e un contrasinal.
- Se xa te rexistraches previamente para calquera outro trámite neste Ministerio, a túa conta segue sendo válida e non fai falta que che volvas a rexistrar.
- Se nunca te rexistraches, pica en «Rexístrate» e segue os pasos para crear unha conta.

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE	<b>Departamento de Orientación</b>		<b>CEIP MESÓN DO VENTO</b>
	<b>O Mesón do Vento 15689 Ardemil (San Pedro)</b> Correo: <a href="mailto:ceip.meson.vento@edu.xunta.gal">ceip.meson.vento@edu.xunta.gal</a> Web : <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento</a>	Tlf: 881880894 Fax:881880895	

Podes acceder á solicitude de bolsa de dúas formas:

1. **Con Cl@ve** (claves electrónicas de administracións públicas) **ou certificado electrónico**, se dispós deles. Se accedes desta forma, terás que ter todos os certificados (xerarachos a aplicación ao terminar de encher a solicitude) enchidos e asinados por quen corresponda (director do colexio, gabinete, inspector de zona...) e presentalos, mediante a aplicación, escaneados, antes do 30 de setembro.
2. Mediante o mesmo **usuario e contrasinal cos que che rexistraches na sede electrónica**. Se accedes desta forma, bastará con que enchas a solicitude, imprimas o PDF que se xera e preséntelo no colexio antes do 30 de setembro. Neste PDF xa están os certificados que necesitas.

## ENCHE O FORMULARIO

Unha vez dentro da aplicación para pedir a axuda, tes que encher o formulario online.


Le con calma as instrucións do formulario, daranche información que tes que ter en conta.

Cando termines de introducir todos os datos no formulario, darache instrucións para imprimir a solicitude e os certificados nun ficheiro en formato PDF.

No PDF aparecerá a solicitude e os certificados, que servirán para xustificar que reúnes os requisitos para recibir a axuda. Tamén deberás imprimilos e presentalos no colexio (antes da data límite para presentar solicitudes), para que os enchan e asinen os responsables de facelo (director ou secretario do centro, equipos de orientación, inspectores, etc.). En cada un deles aparece quen deberá enche-lo e asinalos.

Cando teñas a solicitude en papel, asínaa se es maior de 18 anos. Se non, terán que asinala o teu pai, nai ou titor.

Tamén deben asinar a solicitude todos os membros da túa unidade familiar que

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>Departamento de Orientación</b>		<b>CEIP MESÓN DO VENTO</b>
	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE	<b>O Mesón do Vento 15689 Ardemil (San Pedro)</b> Correo: <a href="mailto:ceip.meson.vento@edu.xunta.gal">ceip.meson.vento@edu.xunta.gal</a> Web : <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmensonvento">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmensonvento</a>	

sexan maiores de 18 anos para autorizar á Administración Tributaria a obter os datos económicos necesarios.

Unha vez asinada a solicitude, tes que presentala, xunto aos certificados, no centro onde vaias matricularte. Nalgúns casos, é posible que necesites entregar, ademais, outros documentos. Consulta, no apartado Que necesitas, os requisitos para saber cales son eses documentos.

Lembra que é imprescindible presentar todo antes de que acabe o prazo.

É importante que conserves o xustificante que che devolverán no centro, selado, para xustificar que presentaches a solicitude.

#### **SEDE ELECTRÓNICA**

<https://sede.educacion.gob.es/portada.html>

#### **MÁIS INFORMACIÓN**

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo.html>

**Para calqueira dúbida ou aclaración poden chamar ao teléfono do Departamento de Orientacion do centro.**